

Estimados compañeros/as:

Nos días pasados, fixose público que o Valedor do Pobo de Galicia aceptou unha queixa dun político de UPD relativa a un libro de texto de primaria, seica porque poña que o galego era lingua propia de Galicia, e non mencionaba ao castelán como lingua oficial. A partir diso, o Valedor admitiu a queixa e remitiuna á Consellería, para que procedera á retirada do libro.

Desde os Equipos de Normalización, este feito, desde un punto de vista simbólico, parécenos moi grave. Por iso elaboramos este texto, para que, se o considerades xusto e oportuno, o noso Claustro faga pública a súa desconformidade con actitudes impropias das institucións que nos representan.

Lede a proposta de texto e mañá venres votamos sobre el. Moitas grazas (Carlos Negro)

“O Claustro do Profesorado do **CPI Eusebio Lorenzo Baleirón** de Dodro recibe con fondo malestar a resolución oficial do Valedor do Pobo instando á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria á retirada ou corrección dun libro de texto de Coñecemento do Medio de 5º curso de Primaria da editorial *Vicens Vives*, por recoller de forma literal o disposto a respecto da lingua galega polo Estatuto de Autonomía no seu artigo 5.1: “**A lingua propia de Galicia é o galego**”; petición que foi acollida de forma immediata pola propia Consellería, que instou á editorial á rectificación do texto neste punto específico, por non facer alusión explícita ao castelán como lingua oficial da nosa comunidade.

Desde o noso Claustro, consideramos que os organismos públicos de Galicia non deberían actuar en contra dos principios éticos e legais que xustifican a súa propia existencia, e entre os cales figura, como recolle o propio Estatuto de Autonomía, a promoción e defensa da lingua propia de Galicia. Consideramos, pois, esta resolución do Valedor do Pobo como intervencionista no ámbito pedagógico, pois semella que pretende ocultar ao noso alumnado unha visión positiva e enriquecedora da pluralidade lingüística do Estado español, e o derecho legal (e tamén ético) que nos asiste, tanto desde o ámbito institucional como desde o educativo, a favorecer unha visión positiva das linguas minorizadas, para desterrarmos prejuízos e desigualdades históricas.

Así mesmo, esta actuación do Valedor suxírenos unha falta absoluta de sensibilidade de certas autoridades políticas e educativas co labor cotián que desempeñamos os docentes nas aulas, pois un dos nosos obxectivos didácticos prioritarios segue a ser a promoción e dinamización da lingua galega, en canto patrimonio cultural común a todas as galegas e galegos, sempre desde o respecto absoluto aos dereitos lingüísticos individuais de todos os membros da comunidade escolar.

Por todo o dito, solicitamos unha rectificación inmediata por parte do Valedor do Pobo, e, de non ser así, a súa dimisión, polo seu incumprimento manifesto á hora de defender unha visión integradora e útil da lingua galega. Así mesmo, gustaríamos contar cunha Consellería de Educación máis preocupada por aumentar os ámbitos de promoción e uso do idioma na comunidade escolar que por restrinxir a súa mención en materiais didácticos que só difunden aquilo que é de lei, pois foi aprobado polo Parlamento de Galicia.”